Memoria de Actividades 2016

sarela

Asociación de Dano Cerebral de Compostela

SARELA CONSOLÍDASE COMO REFERENCIA NA ATENCIÓN AO DANO CEREBRAL COA CREACIÓN DE NOVOS SERVIZOS

A **inauguración** oficial a finais de ano do centro supuxo na práctica o inicio dun novo tempo para a asociación. Ese acto **social**, compartido coas familias, persoas socias e colaboradoras, autoridades e demais amigos, chegou unha vez feitos os **axustes** internos e os **trámites** para poñer en marcha todos os **servizos** e **instalacións**. Así, co **centro ocupacional** procuramos achegar **solucións** á perentoria necesidade de **normalizar** a vida social e laboral de moitas persoas con **DCA**. Á súa vez, a **piscina** danos novas oportunidades para a rehabilitación. Agora Sarela abrangue moitas das **necesidades** que teñen as persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias: centro de día; centro ocupacional; atención e rehabilitación; información, orientación e apoio; sensibilización e prevención, e voluntariado.

19 de decembro | Inauguración
No acto, presentado pola vicepresidente de Sarela Concha Otero, participaron o Presidente da asociación, José Balboa; o Presidente de FEDACE e FEGADACE, Luciano Fernández; a Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade Fabiola García e o Alcalde de Santiago Martiño Noriega.

Novembro | Comeza a actividade no Centro ocupacional
O seu obxectivo fundamental é favorecer a máxima autonomía e independencia da persoa a través da ocupación e do emprego ordinario ou de apoio. Para iso é fundamental o traballo individualizado con cada persoa. A coordinadora do centro é a nosa educadora social Noelia Parente.

Novembro | Aloxamento temporal a familias
Con este proxecto facilitamos gratuitamente un aloxamento temporal, un espazo de intimidade e , aos familiares ou principais coidadores dun paciente hospitalizado cun dano cerebral adquirido. Foi presentado conxuntamente por Sarela e a xerencia do CHUS o 29 de novembro.

10 de xuño | Sarela e a fábrica de chocolate
A estrea de *Sarela e a fábrica de* chocolate no Auditorio de Galicia foi o remate ideal para meses de traballo. Ao final da tarde pasaron polo escenario 54 persoas para darlle vida a unha historia que sobre todo gozaron as persoas usuarias do centro de día Sarela, familias e voluntarios.

26 e 29 de outubro| Día do Dano Cerebral e Día do ictus
Organizamos un completo programa de actos con mesas informativas, cursos de formación, música solidaria etc. A lectura pública do manifesto foi na Praza do Obradoiro e ese mesmo día as persoas usuarias de Sarela, familiares e profesionais foron recibidas no Parlamento de Galicia.

RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

26/01 | Visita do Alcalde de Santiago e da Concelleira de Políticas Sociais.

09/09| Visita electoral do Partido Popular.

20/09| Visita do Conselleiro Sanidade.

22/09| Visita electoral do PSdeG-PSOE.

21/10| Reunión co Presidente e coa Deputada de Benestar Social da Deputación da Coruña.

Sarela nas federacións do #DCA

FEGADACE
FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL

- **Encontros de xuntas directivas** | 30 de xaneiro en Lugo e 24 de setembro en Ourense
- **I Encontro de Profesionais de FEGADACE** | 20 de febreiro en Santiago| Profesionais da logo-pedia, terapia ocupacional, psico-loxía/ neuropsicoloxía, fisioterapia, terapia ocupacional e auxiliares de enfermería compartiron as súas experiencias.
- **V Foro de Familias** | 2 de xullo na Coruña | Posta en común das necesidades das familias, análise da evolución das asociacións e intercambio de experiencias de traballo.
- **Asemblea** | 24 de setembro en Lugo. Renovouse a Xunta directiva da federación. Foi elixido novo presidente Luciano Fernández, en representación de Sarela.
- **III Encontro de Voluntariado** | 19 de novembro en Santiago.
- **Convenio coa Xunta de Galicia** | Para programas de *Promoción da autonomía persoal e de recuperación funcional das persoas afectadas de DCA en situación de dependencia e ás súas familias*, e de *Información e asesoramento a familias*.
- **Que sabemos do ictus?** | Proxecto de prevención do ictus pa-ra a xente moza. Charlas nos IES Antonio Fraguas das Fontiñas (21/11) e da Pontepedriña (12/12).

FEDACE
Federación Española de Daño Cerebral

- **Xunta Directiva** | 3 reunións ao ano.
- **Encontro de coordinación de proxectos** | 11 e 12 de febreiro en Madrid | Rocío García, directora de Sarela, participou nestas xornadas xunto con outras 23 asociacións para a posta en común de proxectos e establecer criterios de valoración e selección.
- **Asemblea Xeral** | 18 de xuño | **Luciano Fernández**, representante de Sarela, é elixido novo presidente da federación española.
- **Plan estratéxico 2017-2020** | Sarela participa na redacción do documento que guiará as accións de FEDACE e do conxunto das entidades federadas.
- **Xuntanza de coordinadores do programa de voluntariado** | 17 de decembro en Madrid.
- **#Conecta2Xlaaccesibilidad** | Participamos neste proxecto da Fundación Vodafone da man de FEDACE. Colaboramos a desenvol-ver a app **MeFacilyta** coa que per-soas con discapacidade poden acce-der a apoios personalizados que promoven a súa autonomía persoal.
- **Programa de apoio á autonomía e inclusión** de persoas con DCA.
- **Espacio DCA** | O blog como forma de expresión e de contacto coas TIC.

Outras accións

FLASHMOB no 38º Congreso SEMERGEN, unha acción solidaria dentro do Día do DCA.

COLABORACIÓN con outras entidades cedendo as instalacións para a organización de cursos.

MÁS SOCIAL Participamos neste programa da Fundación Barrié, que ten como obxectivo mellorar a xestión.

Formación | O persoal de Sarela participou nas seguintes accións formativas:

- *Alteracións condutuais e emocionais con persoas con daño cerebral adquirido. Avaliación e programas de intervención neuropsicolóxica* | Recibido no mes de febrero.
- *Manipulación de alimentos* | Recibido no mes de febrero.
- Curso Online *Investigación Cualitativa en el Ámbito de la Salud* | Recibido no mes de abril.
- *Sexualidade e DCA* | Recibido no mes de maio. FEGADACE.
- *Introducción ao concepto Bobath* | Recibido no mes de xuño.
- Actualización de *Primeiros Auxilios* | Impartido por Noelia Parente en agosto.
- *Rehabilitación de la voz, habla e deglución en dano cerebral* | Recibido no mes de outubro.
- *Xestión de calidade* |Impartido por Ana Ruíz en decembro.
- *Curso de Neuropsicoloxía* | Recibido en febreiro.
- Curso da ACIS *A rehabilitación física e psíquica no DCA* | Impartido por Rocío García e Ruth González en outubro.
- Obradoiro da ACIS *Rehabilitación e fisioterapia en DCA* | Impartido por Susana Suárez en outubro en Porto do Son.
- Obradoiro da ACIS *Coidados e recursos no DCA* | Impartido por Eugenia Veloso en xuño.
- Curso no IMELGA (Instituto de Medicina Legal de Galicia | Impartido por Rocío García e Eugenia Veloso en decembro.

Servizos de Sarela

Servizo de atención diúrna terapéutica

ATENCIÓN INDIVDUAL

Psicoloxía | Neuropsicoloxía | Fisioterapia | Logopedia | Terapia Ocupacional | Traballo Social

ACTIVIDADES

Deporte adaptado | Obradoiro de artesanía e pintura | Obradoiro de habilidades comunicativas | Teatro | Responsabilidades | Estimulación cognitiva | Compra | Novas tecnoloxías | Celebración do magosto, do samaín, dos aniversarios, do Nadal etc | Concerto do grupo de cámara de acordeón de Cedeira

VISITAS E SAÍDAS

Cidade da Cultura | Intalacións do servizo de Correos | Centro Superior de Hostalaría de Galicia | Auditorio de Galicia | Saídas aos parques da Alameda, dos Tilos, do Restollal, da Música e das Cancelas | Visita á Negreira | Pazo da Peregrina de Bertamiráns | Xardín botánico de Padrón | Centro Comercial As Cancelas | Exposición "Entre lusco e fusco" no Museo do Pobo Galego | Restaurante Paz Nogueira | Parlamento de Galicia | Mupega (Museo Pedagóxico de Galicia) | CGAC | Mercadiño solidario en Área Central | Biblioteca Ánxel Casal | Viveiro de plantas municipal

Servizo de atención diúrna ocupacional

O **obxectivo** fundamental é favorecer a máxima **autonomía** e **independencia** da persoa a través da ocupación, da integración comunitaria e do emprego ordinario e de apoio. Para iso é fundamental traballar **individual-mente** con cada persoa. Hai unha **valoración inicial** da experiencia, formación etc para seguidamente entrar nas fases de prebusca de **emprego**, de **seguimento** da formación e a busca activa de emprego. En todo momento se traballan as **habilidades** sociais e instrumentais.

Sensibilización e prevención do DCA

Plan de prevención do ictus | Mesa informativa mensual nun centro médico de Santiago ou no Hospital Clínico.

Prevención e sensibilización a través do deporte | Do 28 de novembro ao 17 de decembro o ximnasio Squash Santiago organizou o Torneo solidario en beneficio de Sarela.

XVIII Xornada de Sensibilización na Comunidade | Exposición e mostra de produtos elaborados no obradoiro de artesanía e información sobre o DCA. Centro comercial Área Central.

Servizo de atención e rehabilitación

Sarela ofrece **atención** e **rehabilitación** ás persoas con DCA e ás familias. No noso centro proporcionamos atención en logopedia, Fisioterapia, Psicoloxía e neuropsicoloxía, Terapia ocupacional, Traballo social, Estimulación multisensorial, Estimulación temperá.

Voluntariado

En 2016 **colaboraron** con nós **vinte** persoas voluntarias. Este ano tamén comezamos a implantar un modelo de voluntariado **transversal** e para **todos os servizos** e **actividade** de Sarela, indo máis alá do apoio ás actividades do servizo de atención diúrna terapéutica.

Información, orientación e apoio

As familias de persoas con DCA poden acceder en Sarela a toda a información, axudas e recursos existentes.

ALOXAMENTO TEMPORAL. En novembro comezamos con este proxecto de apoio a familias que teñan con alguna persoa hospitalizada con DCA.

INFORMACIÓN NO CHUS. Unha traballadora social aténdeo mércores (15:30 a 17:30). Sarela tamén fai coordinación cos servizos sociosanitarios.

INFORMACIÓN ESPECIALIZADA proporcionado polas profesionais (psicoloxía, logopedia, fisioterapia, traballo social, terapia ocupacional, etc.

NOVO SERVIZO. Imos pór en marcha o préstamo e recollida de axudas técnicas e retomamos a cesión de bicicletas adaptadas para nenos/as.



OBRADOIRO de coidados e recursos (14 de xuño) destinado a familias e persoas coidadoras sobre técnicas de transferencia e hixiene.

Rúa Pedro Cabezas González, 3
15702 Santiago de Compostela
981 577 037 | 881 978 519
sarela@sarela.org
www.sarela.org

COMUNICACIÓN

WEB
Cambios para mellorar a accesibilidade. Publicamos 73 novas entre outros contidos.

BLOG
Administrado polas persoas usuarias do SADT dentro do obradoiro de novas tecnoloxías.

TRÍPTICOS E CARTEIS | Editamos novos trípticos e cartelería para publicitar novos servizos.

BOLETÍN
Tiramos os números 17 (abril) e 18 (dec.) e os 3 e catro do boletín online.

Nós noutros medios de comunicación

Pequena mostra da presenza en medios: entrevistas en prensa, radio e TV con motivo da inauguración do centro, do Día do DCA ou presentación do aloxamento para familias.

facebook Incrementamos o número de seguidores nun 35'5%, ata os 1.404.

YouTube Creamos 12 vídeos como forma de difusión da nosa actividade.

PLAN ESTRATÉXICO Comezamos a redacción do novo plan estratéxico, unha guía realista pero ambiciosa dado o cambio cualitativo que implica o novo centro e os seus servizos.

CONVENIOS DE PRÁCTICAS

Universidade de Santiago | Psicoloxía, Educación Social e Traballo Social.
Universidade da Coruña | Logopedia e Terapia Ocupacional.
CIFP Compostela | Ciclo de atención a persoas en situación de dependencia.
UNED | Máster en Psicoloxía sanitaria.

ACORDOS

No último ano colaboradores privados de Sarela como é a ***Fundación José Otero-Carmela Martínez*** e ***Caixabank*** visitaron o noso centro.

XUNTA DIRECTIVA

Presidente	José Balboa Ayán
Vicepresidenta	Concepción Otero Sigüeiro
Secretario	Luciano Fernández Pintor
Tesoureiro	Carlos González Nieto
Vogal	Lino José Castro Daponte
Vogal	María Asunción Iglesias Prieto
Vogal	María do Mar Caamaño Valle
Vogal	Marina Ordóñez Lustres

Asemblea Xeral 16	11 de marzo
Xunta Directiva	Unha xuntanza ao mes
Auditoría externa	27 de xaneiro
Auditoría interna	15 nov. e 13 dec.

PROFESIONAIS

Rocío García	Directora Psicóloga-Neuropsicóloga
Álvaro Suárez	Auxiliar de Clínica
Ana Ruiz	Terapeuta Ocupacional
Emili Santalla	Fisioterapeuta
Eugenia Veloso	Traballadora Social
Fátima Cabanas	Auxiliar de Clínica
Inés Rodríguez	Xestora económica
Junquera Novo	Psicóloga-Neuropsicóloga
Laura Martínez	Fisioterapeuta
Mª José Hermida	Terapeuta Ocupacional
Noelia Ouro	Psicóloga-Neuropsicóloga
Noelia Nieto	Educadora Social
Noelia Parente	Educadora Social
Noelia Rosende	Auxiliar de Clínica
Olalla Domínguez	Traballadora Social
Ruth González	Logopeda
Susana Duarte	Auxiliar administrativa
Susana Quintáns	Auxiliar de Clínica
Susana Suárez	Fisioterapeuta
Vanesa Mantiñán	Logopeda
Xulio Abollo	Xornalista

Certificación de calidade do *Servizo de atención diúrna terapéutica* segundo a norma ISO 9001:2008

Declarada de Utilidade Pública segundo a O.M. 19/06/ 2008

Membro da *Asociación de pacientes e usuarios do CHUS*

Asinante do *Pacto Mundial da ONU*

COLABORAN CON SARELA

Gobierno de España – Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad – Por solidaridad otros fines de interés social
Xunta de Galicia – Consellería de Política Social
Deputación da Coruña
Parlamento de Galicia
FEGADACE – Federación Galega de Dano Cerebral
FEDACE – Federación Española de Daño Cerebral
Gobierno de España – Ministerio de Educación, Cultura y Deporte
Xunta de Galicia – Consellería de Sanidade
Concello de Santiago
Obra Social – Fundación "la Caixa"
Fundación José Otero - Carmela Martínez "Con galicia en el corazón"